



COMUNICACIÓN PREVIA - CERRADO OU VALADO DE FINCA (CP-3)

Descrición

Construción de cerrados e valados de parcelas e soares, agás muros de contención de altura igual ou superior ao metro e medio.

Requisitos de iniciación

O/a promotor/a, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicará ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data na que pretenda comezar a súa execución.

Documentación Obrigatoria

- Plano de situación: Plano de situación da finca na que se vai realizar a obra
- Plano de deslinde acoutado: Plano de deslinde acoutado que sinale onde se pretende realizar o cerrado a escala mínima 1:500, con indicación da distancia deste respecto ao eixo das vías públicas.
- Memoria descritiva e orzamento desagregado: Memoria descritiva coa indicación dos materiais, altura, lonxitude e orzamento desagregado.
- Reportaxe fotográfica: Reportaxe fotográfica do emprazamento no que se prevé executar o cerrado, subscrita pola persoa solicitante.
- Autoliquidación da taxa e I.C.I.O.: Autoliquidación da taxa pola tramitación administrativa e do imposto de construcións, instalacións e obras.
- Xustificación do pagamento da taxa e I.C.I.O.: Recibo de pagamento da Tesourería Municipal ou xustificante de ingreso en conta.

Documentación segundo o caso

- Autorizacións e informes sectoriais: Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- Nos casos de presentar documentación técnica: declaración responsable (ou certificado colexial) do/a técnico/a competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade e declare ser competente para a redacción deste.
- Acreditación da representación: Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañará ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Nos casos de persoas xurídicas, documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou a acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Observacións

Construción de cerrados e valados de parcelas e soares, agás muros de contención de altura igual ou superior ao metro e medio.